



MICROORGANISMOS COÑECIDOS.


Escherichia coli, moitas veces abreviado como *E. coli*, é unha bacteriagramnegativa con forma de bacilo, que se encontra comunmente no tracto gastrointestinal inferior dos organismos de sangue quente (endotermos). A maioría das cepas de *E. coli* son inofensivas, pero algúns serotipos poden causar graves intoxicacións alimentarias nos humanos, e son ocasionalmente responsables da retirada de produtos alimenticios debido á súa contaminación.^{[1][2]} As cepas inofensivas son parte da flora intestinal humana normal, e poden ser beneficiosas para os seus hóspedes ao produciren vitamina K₂,^[3] e impediren que se establezan alí bacterias patóxenas



Imaxe ao microscopio da bacteria "*Helicobacter pylori*". Fonte: Yutaka Tsutsumi.

- [Hai un 50% de opcións de ter esta bacteria no estómago, e ás veces dá problemas](#)

Saccharomyces cerevisiae é unha especie de fungo unicelular do tipo dos lévedos, tamén chamada lévedo de panadaría ou lévedo de xemación. Probablemente é o lévedo máis útil, xa que se leva utilizando desde hai moitos séculos na elaboración de viño, cervexa e pan (e outras masas levedadas), e actualmente utilízase como organismo para a experimentación nos laboratorios biolóxicos. Crese que foi illado orixinalmente da pel das uvas (poden verse lévedos tamén na pel doutros froitos como as ameixas ou entre as ceras da cutícula das plantas). É un dos eucariotas máis intensamente estudados como organismo modelo en bioloxía molecular e bioloxía celular, de maneira comparable a como o é *Escherichia coli* como modelo de bacteria. É o microorganismo que realiza o tipo máis común de fermentación, a fermentación alcohólica



- [Así es como la cosmética cuida el microbioma de la piel.](#) Por Deborah García Bello




MICROBIOTA



MICROBIOMA


Lactobacillus, tamén chamado bacilo de Döderlein, é un xénero de bacterias grampositivas anaerobias facultativas ou microsaerófilas con forma de bacilo.^[1] Forman o grupo principal das bacterias do ácido láctico, chamadas así porque a maioría dos seus membros converten por fermentación o disacárido lactosa e outros azucres en ácido láctico. Nos humanos están presentes na vaxina, formando parte da flora vexinal,^[2] e no tracto gastrointestinal, onde forman unha pequena porción da flora intestinal.^[3] Son bacterias benignas, pero foron asociadas coa carie dental, aínda que isto é discutido. Moitas especies son importantes na descomposición da materia vexetal. A produción de ácido láctico fai que o seu ambiente se faga ácido, o que inhibe o crecemento de moitos outros microorganismos, incluíndo moitas bacterias nocivas. Utilízanse na produción de alimentos, como produtos lácteos

Algunhas especies de *Lactobacillus* utilízanse para a produción de produtos lácteos como o iogur, queixo, e outros, e de alimentos fermentados como sucrut, escabeches, cervexa, viño, sidra, cacao e outros, e para a alimentación animal na forraxe ensilada. O pan de masa fermentada faise usando un "cultivo de arranque", que é un cultivo de lévedos e bacterias do ácido láctico que crecen nun medio feito de auga e fariña. Os lactobacilos, especialmente *L. casei* e *L. brevis*, son un dos principais organismos que interveñen na deterioración da cervexa. A especie causa un descenso (acidificación) do pH do medio fermentado ao producir ácido láctico.



VIRUS Son formas acelulares e que pódense cosiderar seres vivos

Coronavirus



Termos esenciais da COVID-19

EL CORONAVIRUS SARS-CoV-2 Y LA PANDEMIA DE COVID-19
 Sociedad Española de Virología (SEV)
 6/4/2020

¿Cómo se replica el SARS-CoV-2 dentro de nuestras células?

- El SARS-CoV-2 interacciona a través de sus espículas con una proteína de la membrana celular (ACE2) que actúa como receptor o "puerta de entrada".
- La fusión de las membranas libera la nucleocápsida viral al citoplasma. Las proteasas celulares degradan la cápsida y liberan el ARN genómico viral.
- Ese ARN viral es traducido por los ribosomas celulares, se producen las proteínas virales (entre ellas, la ARN polimerasa) y se ensamblan nuevas partículas virales, que salen de la célula listas para infectar a las siguientes.

[Imagen de Vega Asensio (Norarte) e Ignacio López-Gofri (UNAV)]

<https://www.mscbs.gob.es/> <https://www.isciii.es/http://sevirologia.es/> @sanidadgob @CIBER_ISCIII @sev_virologia




Fig. 2. Ciclo de vida del VIH, con las fases en las que actúan los fármacos antirretrovíricos.